

## **MOCIÓN AER A REFORMULACIÓN DO ENTROIDO DE VERÁN DE REDONDELA 2019.**

PLENO 25 DE OUTUBRO 2018. ACTA 12/2018

Moción de AER con entrada no concello o día 07/09/2018 con número 2018-E-RE-1271 que se transcribe a continuación:

“Como tódolos anos cara finais de agosto, en Redondela celebrarase o xa coñecido Entroido de Verán. Dito evento congrega a unha gran cantidade de asistentes, tanto visitantes coma veciños e o que nun principio foi unha interesante iniciativa promovida por unha serie de hostaleiros e veciños e veciñas de Redondela, estase convertendo co paso do tempo nun enorme macro botellón “consentido” polo Concello.

AER está a favor de que en Redondela a veciñanza participe e desenvolva iniciativas festivas e de ocio como é o Entroido de Verán, pero non do desafortunado evento no que nos últimos anos se foi convertendo este acto festivo, sobre todo a partir de últimas horas da tarde e ao longo da noite.

Non cremos tampouco que o éxito do Entroido de Verán se deba cuantificar polo número de asistentes (seguramente 35.000 coma en case tódolos eventos destes últimos anos), se non de que toda a veciñanza sexamos quen de participar da celebración con seguridade e ambiente festivo respectuoso. Non é aceptable que cada vez se arrincone máis a zona onde os mais cativos poden gozar de actividades, mentres vai crescendo a zona etílico-festiva. A dirección a seguir deba ir camiñando cara a un evento cunha maior calidade cultural e cunha programación “para tódolos públicos”.

Por outra banda en Redondela temos diversos exemplos de éxito de eventos festivos onde toda a veciñanza do Concello implícase ano tras ano, sen chegar a acumular a suma de desmáns e despropósitos que se poden observar ao longo da xornada do Entroido de Verán: unha Alameda valada chea de mocidade realizando múltiples botellóns, zonas de tránsito inadecuadas para cativos e persoas maiores podendo levar empuxóns ou presenciar escenas penosas, mexadas en numerosos portais dos edificios da vila, pelexas e conflitos, rúidos desproporcionados ata altas horas da madrugada e mesmo ata o día seguinte, etc. Entre ese eventos exitosos e respectuosos atopámonos co martes de entroido ou cunha festa tan exemplar en Redondela como é o Festival de Títeres.

Por estes motivos AER xa no mes de xullo propuxo unha batería de propostas para a reformulación do entroido para que o Concello de Redondela tomase en consideración adoptar medidas reais e prácticas de cara a que este evento deixe de ser considerado por unha parte importante da mocidade como unha festa “macrobotellón” e se converta nunha festa amable, respectuosa e familiar para a veciñanza de Redondela, cun ambiente festivo na liña do popular “Martes de entroido” do inverno ou o Festival de Títeres, referentes culturais e do ocio en Redondela e comarca.

Algunhas destas propostas foron consideradas ou mesmo foron bastante similares as que o goberno local tiña en mente implementar e recoñecemos o avance que se deu na edición do presente ano, pero outras foron totalmente desbotadas e apostouse por manter o modelo preexistente. Neste senso AER considera que non se logrou atallar suficientemente os principais problemas e si que se creou unha cortina de fume para que o goberno local poida “lavarse as mans” respecto aos desmáns derivados dun evento do que que na actualidade é o principal responsable e para o que destina importantes recursos económicos.

AER tampouco coincide coas conclusións de éxito total ou de ver a “botella medio chea” que o goberno local quixo transmitir aos medios de comunicación. Para AER que nun evento pagado con fondos públicos, que deberían destinarse a eventos de calidade e de interese xeral, se dean 10 intoxicacións etílicas é grave, sobre todo se hai menores de por medio tal como recoñece o goberno local. Nun evento programado polo concello de Redondela non debería darse ningunha intoxicación etílica. Tampouco é de recibo que siga existindo un 75% de intervencións no hospital de campaña e que isto sexa vendido coma un éxito. Noutros eventos (entroido de inverno, títeres, Redondela en curto, festivais organizados por asociacións, etc) non hai ningunha intervención e tampouco se resalta este dato como o feito máis relevante, polo que claramente o goberno local está estendendo unha cortina de fume.

Seguimos pensando que hai que distribuír os eventos por toda a vila, realizar un cambio musical que non se ligue directamente co botellón, reconducir o evento a unha festa diúrna comezando antes e rematando máis cedo, etc.

Mesmo en AER algúns consideran que non ten sentido a existencia dun evento como este en Redondela cando outros eventos culturais e musicais xa históricos van morrendo sen que o goberno local os axude, apoie ou tome medidas ao respecto. Non obstante o entroido de verán segue medrando a costa dos impostos de todos, os que o gozan e os que o padecen.

Por outro lado tamén cabe mencionar que o grande beneficio desa data recae sobre unha parte da hostalería de Redondela, as distribuidoras e os supermercados, establecementos que apenas dan apoio económico de cara a sufragar os gastos que produce o Entroido de Verán, algo que si é habitual nas festas parroquiais ou nos festivais que as asociacións de Redondela organizan en diferentes datas e localizacións do concello. Resulta chocante que o maior evento de consumo e, polo tanto, o que maiores rendas proporciona a grande cantidade de negocios, estes non correspondan colaborando cos gastos derivados. Tal como menciona La Voz de Galicia, “hai preto de 30.000 persoas polo que a caixa entre todos os establecementos rondará os 800.000 euros”. Se o gasto para o concello seguramente ronde os 100.000 €, as contas dán, aínda que máis para uns máis que para outros. A conclusión pasa automaticamente pola opción de que a administración local deixe de organizar un evento que non aporta socialmente nin culturalmente grandes valores ou valores suficientes que xustifiquen eses gastos e os enormes prexuízos que para moita veciñanza implica este evento. Se o modelo inicialmente naceu organizando directamente o Entroido de Verán os hostaleiros, máximos interesados, despois de que coa asunción por parte do Concello levase a desvirtuar totalmente o evento e o lanzase ata crear unha criatura que non é quen de controlar, AER ve necesario unha

contención do evento organizándoo novamente a hostalería mediante a comisión de festexos que se cree ao respecto, do mesmo xeito que acontece nas festas parroquiais ou outras de diversa índole, contando con colaboración parcial do Concello naqueles aspectos máis culturais e de interese xeral como pode ser a programación familiar e infantil.

Polo tanto, coa pretensión de aportar novamente de cara a mellorar o evento e solucionar os graves problemas que ven padecendo o Entroido de Verán, pensamos que deberían tomarse en consideración as seguintes propostas de cara a acadar o obxectivo indicado no parágrafo anterior, xa dende a edición do ano 2019, continuando a implementación das melloras consecuentemente nas vindeiras edicións:

1. Realizar unha campaña nos medios de comunicación desincentivadora do concepto de “macrofesta” e de “vía libre” ao botellón. Ou sexa, minimizar o efecto chamada pro botellón, mesmo evitando deseños de carteis que centren o atractivo da festa neste senso. Eliminar calquera representación de índole machista na cartelería e difusión do evento.

2. Aumentar as actuacións de rúa con charangas, “performances” e actividades culturais (exposicións, proxeccións de fotografías en fachadas de edificios,...) ao longo dos principais viais de Redondela, logrando unha dispersión das persoas asistentes ó Entroido por toda a Vila e animando a que se circule polas rúas; favorecendo paralelamente a economía local tanto de ocio e hostalería ó descentralizar os actos. Manifestar activamente o carácter cultural e festivo respectuoso do evento.

3. Programar actividades ao longo de todo o día, comezando xa pola mañá, continuando como nas últimas edicións polas tardes (talleres de creación de disfraces, talleres de bailes, pinturas de caras, ...) e rematando pola noite pero máis cedo, convertendo o Entroido de verán nunha festa diúrna e non preferentemente nocturna. Tornando a facer unha festa apta para todas as idades achegándose a modelos xa exitosos como o Martes de Entroido ou o Festival de Títeres.

4. Eliminar o gran concerto do aparcadoiro da Alameda, reducindo así o efecto chamada pro botellón, reducindo ademais un orzamento totalmente desorbitado e destinando unha parte destes cartos a desenvolver pequenos concertos ou espectáculos ao longo de tódalas prazas de Redondela (Praza de Pontearreas, Salgueiral, Xunqueira, A Petanca, Casa da Torre, ...). Esta medida axudaría igualmente a evitar a necesidade de converter un espazo verde nun lugar valado e pechado con control de acceso.

5. Establecer un control rigoroso de venda de alcol a menores así como sobre o seu consumo, procedendo a denunciar a aqueles adultos que faciliten o acceso dos menores ó alcol. Este aspecto debería facerse público explicitamente antes do evento e mesmo no cartel publicitario.

6. Non realizar a modificación do regulamento de ruídos en exclusiva para o Entroido de Verán, prolongando os horarios de ruídos habituais para poder programar concertos ata altas horas da madrugada. Esta medida favorece que a festa nas rúas dure ata altas horas da madrugada, levando a multiplicar o desafortunado “efecto botellón” e creando se cabe máis molestias a aquela veciñanza que a partir dunha hora prudencial precisa de descanso. Os horarios dos concertos e eventos deberían ser máis cedo para evitar que se prolonguen máis alá das 24:00 h da noite.

7. Seguir na liña de facer campaña para favorecer o control fronte a condutas aditivas principalmente en menores, tanto no referido ao alcol como a outras drogas que se poden chegar a consumir no macrobotellón descontrolado que libremente se deixa que se forme na Alameda de Redondela.

8. Posicionamento do evento como unha festa libre de comportamentos machistas e desigualdades de xénero. Para isto, propónse a elaboración dunha campaña de visualización dende o CIM a través de carteis ou emblemas, e sinalización de puntos de asistencia en diferentes puntos estratéxicos da vila nesa data.

9. Delegar a organización do Entroido de Verán a unha Comisión de Festas que se constitúa a partir da hostalería e distribución como principal beneficiarios do evento, asumindo a planificación e organización, en base aos condicionantes anteriores e facéndose cargo do custe do evento. O concello colaboraría en parte mediante a fórmula pertinente, apoiando ou asumindo naqueles aspectos e programación máis de índole cultural e de interese xeral, como pode ser a programación familiar e infantil.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela solicita do pleno da corporación municipal adoptar o seguinte ACORDO:

**- Instar ao goberno local do Concello de Redondela a reformular a festa do Entroido de Verán tendo en conta as propostas enumeradas nesta moción. ”**

*VOTACIÓN E ACORDO.-*

*Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as, con 20 votos a favor (08 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito), aprobou a Moción de AER.*